

VºBº:



**TEXTO:**

Para debido coñecemento e difusión de tódolos interesados, envíase información referente a:



**XXI TROFEO DE JUDO CONCELLO DE FERROL**  
**CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO**

***Domingo 1 de novembro de 2020***

***Pavillón Polideportivo Municipal da MALATA***  
***Estrada da Malata s/n FERROL ( A Coruña)***

**ORGANIZA:**

**FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E DEPORTES ASOCIADOS**

**PATROCINAN:**

**EXCMO. CONCELLO DE FERROL / SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA**

**PROGRAMA XERAL**

**1.0.0.- MESA FEDERATIVA:**

- |  |   |
|--|---|
| <b>1.1.0.- Director responsable protocolo COVID:</b> | D. Juan J. Rodríguez Gende.   |
| <b>1.2.0.- Delegado Federación:</b>                  | D. Ricardo Trillo Morado  |
| <b>1.3.0.- Dirección Deportiva:</b>                  | Da. Mónica Pacheco Lomba / D. José Ramón López Gacio.   |
| <b>1.4.0.- Coordinadores Competición:</b>            | D. David Pérez Anido / D. J. Carlos Garabatos Fernández<br>D. Alejandro Abando Domínguez / D. Rubén Sueiro Amor |
| <b>1.5.0.- Técnicos convocados:</b>                  | D. Marcial Romero Azpitarte / Da. Sandra García Lázaro.<br>Da. Sandra López Anido / D. Alberto M. Castro Pena.  |

**2.0.0.- CALENDARIO XERAL:**

- |  |   |
|--|---|
| <b>2.1.0.- Data:</b>                   | <b>Domingo día 1 de novembro de 2020.</b>   |
| <b>2.2.0.- Lugar:</b>                  | <b>PAVILLÓN MUNICIPAL DA MALATA - FERROL</b><br>Estrada da Malata s/n (Ferrol - A Coruña)                       |
| <b>2.3.0.- Test Covid obrigatorio:</b> | <b>Zona norte:</b> 09:00h. (Coruña, Ferrol e Lugo)<br><b>Zona sur:</b> 10:00h. (Pontevedra, Santiago e Ourense) |
| <b>2.4.0.- Pesada:</b>                 | De 11:00 a 11:30h.  |
| <b>2.5.0.- Reunión arbitral:</b>       | <b>As 11:45h.</b>   |
| <b>2.6.0.- Competición:</b>            | <b>A partir das 12:30h. Eliminatorias, repescas e finais.</b>   |

### 3.0.0.- ÁMBITO TÉCNICO DEPORTIVO

3.1.0.- Idades:	Nados nos anos 2005, 2004, 2003, 2003, 2001,2000 e anteriores.
3.2.0.- Grado:	Mínimo Cinto Marrón (1º Kyu).
3.3.0.- Judogui:	<b><u>Será imprescindible judogui azul e branco.</u></b>
3.4.0.- Pesos:	Masc.: -60, -66, -73, -81, -90, -100 e +100 kg. Fem.: -48, -52, -57, -63, -70, -78 e +78 Kg.
3.5.0.- Documentación:	Imprescindible presentar: <b><u>D.N.I. (orixinal) e o carné de graos da RFEJYDA.</u></b> Autorización paterna os menores e folia de consentimento os maiores. Declaración responsable COVID.
3.6.0.- Competición:	
3.6.1.- Sistema:	Tres tatamis: <u>Eliminatoria directa con repesca dobre cruzada.</u>
3.6.2.- Sorteio:	Realizarase na sede Federativa tendo en conta a orde de inscrición e publicarase na web de forma provisional para emendar erros, <b>na pesada soamente admitiranse baixas, non cambios de peso.</b> <b>Haberá cabezas de serie:</b> As medallas nacionais e galegas do ano anterior, no caso de non participar todos ou algún deles os designará a dirección técnico deportiva.
3.6.3.- Tempos:	<b>Combates a 4 minutos.</b>
3.6.4.- Sanidade:	Federación Galega de Judo e D. A.

### 4.0.0.- ORDE E CONTROL:

4.1.0.- Inscricións:	As inscricións faranse no modelo oficial, única e exclusivamente, a través de este enlace antes das 12h do día 24/10/20:  <a href="https://forms.gle/r6mktbha8vuhzxc6">https://forms.gle/r6mktbha8vuhzxc6</a>  Unha vez rematado o prazo non se admitirá ningunha inscrición.
4.2.0.- Normativa:	Normativa RFEJYDA. <b><u>Regulamento FIJ ACTUALIZADO</u></b>  - Cada club poderá inscribir un máximo de 2 adestradores titulados e colexiados para dirixir os combates e a atención dos deportistas na pista, un dos adestradores realizará a función de delegado para o cumprimento do protocolo. <b>Os adestradores non inscritos dentro do prazo non poderán dirixir os combates dende a cadeira.</b>  - Pégase a todos os directores de club e adestradores o máximo respecto e exemplo así coma a súa colaboración no mantemento da orde e control do acceso a pista.  - No desenrolo da competición <b><u>só poderán acceder a pista os deportistas e adestradores inscritos.</u></b>
4.3.0.- Cerimonia Trofeos.	A recollida de trofeos deberá facerse en Judogui Branco Completo ou Chándal completo do Club.

## 5.0.0.- DEPARTAMENTO ARBITRAXE:

### 5.1.0.- Comité Director de Árbitros:

D. Jaime Roque López / D. Ángel Villar Glez / Da. Nagore Valle Benito  
D. Miguel Piñeiro García / D. David Abalde Amoedo.

Haberá un Sokuteiki a disposición dos técnicos e dos deportistas para comprobar as medidas do judogui antes dos combates.

## 6.0.0.- CRITERIO SELECCIÓN:

O equipo técnico utilizará o seguinte criterio para seleccionar ao equipo que represente a Galicia no Sector nacional:

Directos ao sector:  
(aínda que fagan o Campionato de Galicia)

- 1/ Medallistas Nacionais 2019 no peso que decidan.
- 2/ Ouros no sector nacional 2019.  
(sempre que manteñan a categoría e o peso)
- 3/ Campións de Galicia 2020

O resto de seleccionados serán designados entre:  
(Pola Dirección Técnico Deportiva)

- 1/ Pratas sector nacional 2019.  
(sempre que manteñan a categoría e o peso)
- 2/ Medallistas 3º clasificados do sector 2019 e medallistas galegos 2020.

## CÓDIGO DE CONDUCTA ADESTRADORES

O adestrador é responsable da conduta do seu judoka desde que entra no Pavillón ata que se vai, especialmente antes e logo de cada combate.

Durante o combate comunicárase co seu atleta soamente nos mates, para aconsellarlle, estimularlle, darlle instrucións en situacións inesperadas, como ante unha lesión, etc...

### COMPORTAMENTO ADESTRADORES

- Máximo respecto evitando calquera comentario de crítica ás decisións arbitrais.
- Evitar calquera xesto despectivo cara a árbitros, organización ou público.
- Prohibido golpear, dar patadas, etc... aos paneis publicitarios ou a calquera equipo.
- Non faltar ao respecto ao oponente, árbitros, adestradores, ao seu propio atleta, ao público, etc...

### NORMAS VESTIARIO

Está prohibido: o pantalón curto, calquera clase de gorra ou chapeu na cabeza, vaqueros, suéteres ou similares.

### SANCIÓN

O incumprimento destas regras levará a descalificación e a imposibilidade de acompañar aos seus atletas á zona de competición e/ou sentarse na cadeira de adestrador.



## NORMATIVA SOKUTEIKI

Co fin de facer cumprir as tallas e medidas correctas do Judogui segundo define o Regulamento de Competición así como o xogo limpo para os atletas, a FIJ aprobou este dispositivo especial e un novo procedemento do control desde o 1º de xaneiro de 2009.

1. O uso do Judogui de acordo á norma do Sokuteiki. (Dispositivo para medir o Judogui) é obrigatorio en todas as competicións oficiais.



En CASO de dúbida, nunca a instancias do adestrador, o árbitro sobre o tatami pode comprobar o Judogui do competidor usando o dispositivo Sokuteiki. Caso de que o Judogui non cumpra coas Regras, o árbitro, logo de consultar cos Xuíces, sancionará ao competidor con Hansokumake declarando vencedor ao oponente.



## 7.0.0.- PROTOCOLO COVID F.G.JUDO:

Debido ás extraordinarias circunstancias relacionadas co COVID-19, deberanse ter en conta unha serie de puntos de vital importancia, recollidos no protocolo da Federación aprobado pola Xunta de Galicia:

- 1/ Esta competición celebrarase sen público polo que está prohibido o acceso ao pavillón a toda persoa ou persoas alleas a organización e participantes.
- 2/ Tomarase a temperatura á chegada a todos os participantes (competidores e adestradores) que deberán realizar obrigatoriamente un test COVID previo, de acordo aos horarios desta circular, unha vez obtido o resultado negativo poderán acceder á pesada e á acreditación de entrada ao pavillón. Unha única persoa da organización (unha para a categoría masculina e outra feminina), membro do corpo técnico será o que efectúe o control da documentación e pesada.
- 3/ O uso da máscara é obrigatorio para todos excepto na zona de calentamento (exclusiva para deportistas e adestradores) e no momento de entrar ao tatami para o combate. A máscara deberá gardarse no recipiente apropiado mentres non se estea utilizando e evitar deixala ou tirala fóra dos lugares indicados para iso.
- 4/ Sempre que sexa posible debera manterse a distancia de seguridade mínima de 1'5m.
- 5/ Todos os participantes (competidores, adestradores, árbitros, etc...) deberán entregar no momento da acreditación e pesada a folla de declaración responsable (se acompaña a esta circular) de coñecemento e aceptación do protocolo.
- 6/ Haberá tres tatamis de competición e se establecerán bloques de participación unha vez finalice o prazo de inscrición.
- 8/ Deberán seguirse estritamente os circuitos de entrada, saída e desaloxo, atendendo sempre ás instrucións dos responsables organizativos.
- 9/ Haberá puntos de desinfección con hidroxel alcohólico nas zonas de paso de uso obrigatorio
- 10/ As persoas non deberán permanecer en pasillos ou accesos onde non se poda gardar a distancia con outros participantes no evento ou membros da organización
- 11/ Habilitaranse na mesa de competición as prazas precisas para o persoal federativo imprescindible, con unha separación de 2m entre cadeiras.
- 12/ Os árbitros actuarán con máscara e bolsas de plástico desbotables nos pés no momento de acceso ao tatami. Haberá un só árbitro por tatami e un só árbitro por mesa de control. Tamén un único xuíz cronometrador.
- 13/ No caso das entregas de medallas iranse efectuando segundo finalice a participación e se dispoña de resultados para evitar estancias innecesarias na instalación. Os propios clasificados/as farán a entrega entre eles e elas.
- 14/ A organización procurará sempre que sexa posible a retransmisión por STREAMING nas canles oficiais da federación para o seguimento da competición polo público.

**Calquera aspecto o dúbida non contemplada no protocolo o nesta circular resolverase a criterio da Mesa Federativa.**

**A DIRECTORA DEPORTIVA**



**Asdo. Mónica Pacheco Lomba.**